



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 1

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/10/2013 12:35:56

ENTRADA 22561 / RX 782208



Sr. Presidente
Deputación Provincial de Lugo
San Marcos nº 8
27001 - Lugo

Asunto: Felicitación polos acordos do Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2013

Sr. Presidente:

SGHN ven de ser informada polo Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño (en adiante Órgano Reitor), dependente da Deputación que vostede preside, acerca das xestións desenvolvidas en relación co expediente de solicitude do permiso de exploración mineira Lago II (nº 6056) nun ámbito territorial de 396 cuadrículas mineiras que afecta a unha parte importante da zona tampón e de transición da Reserva de Biosfera Terras do Miño, zonas éstas que funcionan como áreas de amortiguación de impactos para as zonas núcleo, nas cales deben primar os obxectivos de conservación da biodiversidade e xeodiversidade.

SGHN considera moi acertada a decisión do Órgano Reitor de solicitar ao Consello Científico do Comité Español do Programa MaB que realice unha avaliación científica e obxectiva das posibles repercusións que este proxecto mineiro pode conlevar sobre o estado de conservación dos valores ambientais e culturais da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

SGHN apoia totalmente a petición do Órgano Reitor para que o Consello Científico do Comité Español do Programa MaB inste aos organismos autonómicos competentes en materia de avaliación ambiental, así como de conservación da natureza, para que integren a condición de Reserva de Biosfera, e por tanto como Área Protexida por Instrumentos Internacionais de acordo á Lei 42/2007, dentro dos procedementos de avaliación e tramitación ambiental.

En Santiago de Compostela a 14 de outubro de 2013

Serafín González Prieto

Presidente SGHN